

ACTA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA ANPA DO CEIP San Clemente

Persoas convocadas	Asociados/as da ANPA CEIP SAN CLEMENTE						
Lugar de reunión	Pavillón do CEIP San Clemente		Ordinaria	X	Extraordinaria		Urxente
Nº reunión	1_25/26	Data	22/09/2025	Hora Inicio	19:30	Hora remate	20:39
Secretaría	Milagros Iglesias González						
Asistentes	Sete persoas da xunta directiva. A asemblea comeza con 30 asociados/as e remata con 33.						

Orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.

Apróbase por unanimidade.

2. Estado da situación.

A presidenta fai lectura do estado situación, lembrando que non tivemos acceso á conta bancaria atao 12 de setembro. Entrégase balance ás persoas asociadas.

O anterior secretario sinala que no balance faltan 2.500 euros pendentes da subvención municipal do curso 23-24. Infórmase de que se solicitou información sobre o particular ao Concello cando se comprometeu a abonar antes de fin de ano 2.500 pendentes e 4.000 de adianto da subvención do curso pendente.

3. Aprobación, se procede, da actualización das cotas.

A asemblea propón substituír a cota proposta pola Xunta Directiva —25/30 euros en función do número de crianzas— por unha cota única de 30 euros para todas as unidades familiares que deberá abonarse antes do 31 de outubro.

A proposta sae adiante por 15 votos a favor, 13 en contra e unha abstención.

4. Propostas para xerar ingresos.

Recóllese a posibilidade de vender Lotería —previa consulta se iso supón algún trámite con Facenda—, participar no Entroido, abaratar provedores e volver a participar na Feira Tradicional.

5. Proposta de actividades

A Xunta Directiva propón restrinxir o Plan Madruga e as actividades extraescolares só ás familias asociadas á ANPA. Vótase. A proposta sae adiante por 16 votos a 15.

A ANPA achegará unha subvención de 5€ por alumno/a e por actividade ao mes para as extraescolares realizadas no centro. Non será necesario abonar matrícula e o pagamento das actividades realizarase de forma trimestral.

6. Cuestións varias

A presidenta informa de intención de cambiar a conta bancaria de Abanca ao Santander porque o convenio coa FANPA libéranos das comisións.

Infórmase do pago da parte que lle corresponde á ANPA da compra do desfibrilador para instalar no pavillón. O mantemento correrá a cargo do Concello. Proponse que o seu acceso estea aberto ao conxunto da comunidade. A Xunta Directiva comprométese a consultar esa posibilidade.

Secretaria

Presidenta



Milagros Iglesias González

Vanesa Aboy Portela